

II Xuntanza Deputación de Pontevedra e X Encontro de Embarcacións Tradicionais 2006

A **Asociación de amig@s das embarcacións tradicionais OS GALOS** e maila Deputación Provincial de Pontevedra, co apoio do Concello de Bueu e do Museo Massó, entre outras institucións e empresas



colaboradoras, vén de organizar a **II Xuntanza Deputación de Pontevedra e X Encontro de Embarcacións Tradicionais**.

O lugar de celebración será o peirao de Bueu, e as datas **do 14 ao 20 de agosto**, non obstante, a recepción das embarcacións que queiran participar realizarase a partir do **venres 18 de agosto**.

Enviámosvos un programa e unha folla de inscrición que poderedes atopar tamén na páxina www.bueu.org.

Para calquera consulta poderedes chamar aos teléfonos:
986-32-43-38 (servizo de Cultura do Concello de Bueu)
637-237-834 / 637-239-115 (Asociación Os Galos)

Ou tamén escribir ao enderezo electrónico **cultura@bueu.org**

A vista do programa comprobaredes que todo está a punto para facer destes *Encontros* unha cita ambiciosa e digna do traballo de recuperación do importante patrimonio cultural no que tod@s estamos embarcad@s. Só falta a parte máis esencial: que veñades.

Agardámosvos en Bueu.